

HG&T

Hostelería Galega e Turismo
PERIÓDICO MENSUAL EDITADO PARA C.E.H.O.S.G.A.
Número 136 | Abril 2008 | Prezo: 3 euros |

www.mistercheff.com

Mister Cheff
ACEITE DE ALTO
RENDIMIENTO
PARA FREÍR


No imperio da Treixadura

■ A Feira do Viño de Ribadavia trasládase para a primeira semana de xullo

Haberá que agardar a xullo para poder gozar dos caldos da colleita de 2007 da D.O. Ribeiro. Dende hai tempo, os adegueiros viñan proponendo un cambio de datas para a celebración da festa de exaltación dos seus viños alegando que a finais de abril (como se viña celebrando dende 1963), non era a mellor data porque os viños precisaban de máis tempo para mellorar a súa calidade.

En base a isto, o Consello Regulador acordou retrasar a festa, que está declarada de Interese Turístico Nacional. Será, entón, na primeira semana de xullo cando se celebre cunha xeira de actos que aínda se están deseñando. O único certo é que haberá xornadas técnicas para o sector vitivinícola e que a feira que concentra a milleiros de visitantes en Ribadavia terá lugar de venres a domingo, desa semana estival.

A colleita de 2007 non foi moi abundante pero a uva que se recolleu era moi boa. Este dato fai prever que a calidade do



viño dese ano vai ser “moi boa” ou “excelente”, segundo algúns adegueiros que seguen mimando os seus brancos e tintos con aroma e sabor a Treixadura.

O ano pasado recollerónse 12.815.000 kilos de uva: 11.726.000 de branco; 1.074.000 de tinto e 14.860 kilos destináronse ao viño tostado. As cepas cultívanse en 2.731 hectáreas de 14 concellos da provincia de Ourense, principalmente na comarca do Ribeiro, por 6.022 viticultores. O número de adegas rexistradas é de 115. Nesa relación está o director de cine José Luis Cuerda.

A Feira do Viño do Ribeiro é unha referencia do turismo vitivinícola en Galicia, a primeira nesta comunidade. Se ben a feira pasou por diferentes periplos, con edicións de gran participación ou de certo conformismo, serviu de escaparate das novas tendencias

expositivas e perspectivas do futuro dentro do sector vitivinícola galego. Ao longo de 40 anos, a feira acadou diferentes recoñecementos e premios. A organización da feira, o Consello Regulador e o Concello de Ribadavia, sempre confiaron na tradición como base para acadar unha nova imaxe e unha calidade que non cortase a cultura vitivinícola que tan arraigadamente está introducida na sociedade. Por elo, os elementos publicitarios sempre estiveron a cargo de artistas galegos, como Quesada (que finou recentemente), Cesar Prada, Zapata, Alexandro e outros artistas e pintores. De momento, non se sabe quen será o autor do cartel deste ano.

A administración, sobre todo a autonómica, sempre apoiou este evento, incluso os seus políticos acudiron sempre á cita anual, como a ministra Elena Espinosa; o presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño; o presidente nacional do PP, Mariano Rajoy; o ex presidente da Xunta, Manuel Fraga; o conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, ademais doutros de ámbito provincial e local.

Plan Estratégico da D.O. Ribeiro

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro está a elaborar un plan estratégico de comunicación e promoción, que será levado á práctica durante estes tres próximos anos. O investimento do que dispón a entidade que preside Luis Anxo Rodríguez, para adicar a conceptos de comunicación, publicidade, imaxe e promoción dos viños do

Ribeiro é de 1.500.000 euros, polo que conta para estas labores con 500.000 euros anuais. O mercado no que vai traballar o Consello será nacional e internacional. Dentro do nacional, ten interese no mercado galego, de aí a súa presenza habitual nas feiras de carácter gastronómico que se celebran no noso país. En canto ao resto do mercado nacional, os viños de O Ribeiro teñen tres zonas




estratéxicas en canto a vendas, como son Madrid, Asturias e Cataluña, onde concentran os seus esforzos promocionais.

Cada gota,
unha sensación




Ribeiro

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA



FRANCA